



CONVENIO ENTRE O INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA (IGAPE) E A ASOCIACIÓN CLÚSTER DEL GRANITO DE GALICIA PARA A ORGANIZACIÓN CONXUNTA DE ACTIVIDADES NA FEIRA STONE.GAL 2025

En Santiago de Compostela a 11 de decembro de 2024

REUNIDOS

Covadonga Toca Carús, en nome e representación do Instituto Galego de Promoción Económica (en adiante, Igape), co NIF Q6550010J e domicilio social en Edificio Igape, Complexo Administrativo San Lázaro, s/n, 15707 Santiago de Compostela, na súa calidade de directora xeral. Está facultada para este acto en virtude da delegación de facultades recollida na Resolución do 18 de setembro de 2023 (DOG núm. 184, do 27 de setembro de 2023).

Francisco Javier Blanco Silva, con DNI 36.015.815-T, actuando na súa calidade de presidente, e José Ángel Lorenzo Ramírez, con DNI 36.099.550-S, na súa calidade de xerente do Clúster del Granito de Galicia en abreviatura, "A.C.G." e, en adiante, "Clúster del Granito", con NIF G-36644961, actuando mancomunadamente en nome e representación desa entidade en virtude da escritura de apoderamento de data 3 de xuño de 2010.

Ambas partes recoñécense mutuamente a capacidade para formalizar o presente convenio e, por isto,

EXPOÑEN

PRIMEIRO. Que o Igape, creado pola Lei 5/1992, do 10 de xuño, é un ente de dereito público adscrito á Consellería de Economía e Industria polo Decreto 49/2024, do 22 de abril. Configúrase como un instrumento básico de actuación da Xunta de Galicia para o impulso do desenvolvemento competitivo do sistema produtivo galego, promovendo actividades que contribúan á creación de emprego baseado nun tecido empresarial moderno, internacionalizado e competitivo.

Entre as funcións encomendadas ao Igape en relación á expansión exterior –en virtude do disposto no artigo 4 da súa lei de creación–, están as de promover a creación de empresas nos distintos sectores de actividade económica que teñan maior impacto e vantaxes comparativas para o desenvolvemento da economía galega, favorecer a modernización e innovación tecnolóxica e organizativa das empresas galegas, proporcionar información sobre os mercados e favorecer o desenvolvemento das exportacións e acordos con empresas estranxeiras, así como apoiar e promover calquera tipo de actividades que contribúan á mellora do sistema produtivo de Galicia, especialmente as de maior importancia estratéxica.

A internacionalización do tecido empresarial galego é un dos eixos prioritarios de actuación dentro da política económica da Xunta de Galicia de cara a mellorar a súa competitividade e acadar o crecemento económico. Unha aposta que se plasma na Estratexia da Xunta de Galicia de Internacionalización da Empresa Galega 2021-2025 que inclúe entre os seus obxectivos o de lograr un significativo aumento na cantidade, calidade e impacto das exportacións da empresa galega en 2025 achegando a un valor total das exportacións galegas de 25.000



millóns de €, incrementar a base exportadora galega ata acadar 8.000 empresas exportadoras, diversificar os mercados obxectivo fóra da UE, especialmente en Estados Unidos, América do Sur, Asia e o Reino Unido, contribuír a lograr polo menos 1.000 empresas internacionalizadas dixitalmente e acercar o talento exportador ás pemes galegas acercando 500 profesionais galegos especializados na internacionalización.

SEGUNDO. O Clúster del Granito réxese pola Lei 19/1977, do 1 de abril, de Regulación do Dereito de Sindicación, Real Decreto 416/2015, do 29 de maio, e súas disposicións complementarias.

O Clúster del Granito é unha asociación sen ánimo de lucro cuxo fin é representar ao sector empresarial do granito de Galicia e aos seus asociados, defender os seus intereses e as actividades afíns ao longo de toda a cadea de valor do granito.

Son fins do Clúster del Granito a xestión, promoción, defensa, coordinación e representación dos intereses comúns dos seus membros e, na medida en que sexa legalmente posible, dos intereses xerais do sector empresarial do granito e dos sectores ou actividades relacionados co dito sector, así como o incremento do nivel de competitividade do sector, promovendo e fomentando a interacción dos distintos axentes para dinamizar e favorecer as relacións entre eles, implicándoos en procesos de intercambio colaborativo orientados á obtención de vantaxes e beneficios derivados da execución de proxectos de carácter innovador concreto. Así mesmo, a finalidade do Clúster del Granito será facilitar, mediante a consecución dunha masa crítica suficiente do grupo de empresas e organizacións, prácticas innovadoras que permitan mellorar a competitividade das empresas e a súa proxección e visibilidade internacional.

O Clúster del Granito atópase entre os 10 clústeres galegos que participan no proxecto Atclusters Galicia apoiado polo Igape (Axencia de Desenvolvemento Rexional de Galicia), que gozan de recoñecemento de excelencia a nivel europeo (European Secretariat for Cluster Analysis) e nacional (Programa de Agrupaciones Empresariales Innovadoras del Minetur).

Polo exposto, o Clúster del Granito é o espazo de encontro de todo o sector galego e a entidade que integra os seus intereses, promovendo a colaboración no sector co obxecto de incorporar valor engadido ao produto en todas as fases do seu desenvolvemento, e axudando aos seus socios a desenvolver novos mercados.

TERCEIRO. O sector da pedra natural de Galicia, no que se inclúe o granito, é un sector económico tradicional e maduro de carácter estratéxico para Galicia pola súa importancia económica e social, xa que envolve un tecido empresarial conformado por preto de 300 empresas, que se traducen en máis de 4.000 empregos directos e 8.500 indirectos en Galicia.

O sector caracterízase por ser obxecto dun intenso tráfico internacional e atópase entre os seis principais exportadores o que fai que o sector conte cun adecuado posicionamento internacional altamente dependente do sector construtivo.

Non obstante, nos últimos anos, o sector da pedra viuse gravemente afectado pola caída da actividade de xeito que o mantemento dunha posición relevante no mercado nacional e estranxeiro require da consecución dun incremento na promoción do produto pedra natural e dun impulso estratéxico do sector para proxectar unha imaxe de liderado nacional e internacional, acorde á súa cota de mercado en España e no estranxeiro. Para a consecución



desta finalidade é preciso a realización de actividades promocionais e de márketing que permitan executar accións destinadas á promoción dos produtos para os prescriptores, que melloren a percepción do sector galego como líder en pedra natural nacional e internacional, e que incrementen o prestixio do sector mineiro-industrial da pedra natural de Galicia.

Non obstante, este é un sector sometido a complexas regulamentacións e a unha enorme competencia doutros países, polo que aumentar as capacidades de internacionalización das empresas do sector é fundamental para manter e mellorar a súa posición competitiva.

Neste contexto, as finalidades conferidas estatutariamente ao Clúster del Granito que se aliñan coa finalidade exposta anteriormente son, entre outras, as seguintes:

- a) Defender os intereses peculiares ou comúns dos seus membros, ou os xerais do sector do granito e dos sectores ou actividades relacionados ou relacionados co dito sector, na orde profesional, económica, tecnolóxica e comercial, podendo promover, intervir e participar na celebración de convenios, pactos e contratos privados, administrativos, fiscais, laborais ou sindicais, así como na tramitación de conflitos colectivos.
- b) Impulsar a cooperación, a innovación, a capacidade emprendedora e a promoción técnica, comercial e económica do sector do granito co fin de potenciar, dinamizar e potenciar o tecido empresarial, a transferencia de coñecemento, a calidade e as mellores políticas empresariais.
- c) Identificar e agrupar intereses que nos permitan dar resposta aos retos estratéxicos competitivos do sector. (...)
- e) Impulsar iniciativas nacionais e internacionais para posicionar as empresas en mercados de referencia. (...)
- o) Establecer, organizar ou facilitar, sempre que sexa en beneficio común dos colexiados, servizos específicos ou de interese e imaxe comúns, actividades de márketing, publicidade, asistencia, formación ou societarias requiridas polos membros do Clúster del Granito.

CUARTO. STONE.GAL, a I Feira Internacional de Pedra Natural, preséntase como unha feira especializada na pedra natural onde se darán cita as empresas e profesionais vinculados a este sector para mostrar os seus produtos e servizos. Os fabricantes e distribuidores de material, maquinaria e tecnoloxía para o sector, as empresas especializadas en canteiría, elaboración, maquinaria, química, manipulado, movemento de grandes pesos, corte con ou sen auga, loxística e en colocación teñen en Stone.gal unha oportunidade de negocio e de intercambio de información.

Territorialmente, é a única feira ibérica, tanto de España como de Portugal deste sector tras a desaparición tanto da feira de España, Piedra, en 2021, como a Feira de Batalha, en Portugal, en 2022.

Stone.gal nace como un evento mixto, con exposición de stands feirais con empresas de toda Europa, e combina a exhibición con xornadas de traballo, xornadas técnicas e encontro congresual con prescriptores especializados en arquitectura, deseño de interiores, construción, e contract.

Celebrarase por primeira vez en 2025 no recinto feiral de Vigo, IFEVI, do 3 ao 5 de xuño.

As cifras estimadas pola organización de Stone.gal pretenden achegar 5.000 visitantes de todo o mundo, 150 empresas representadas con stand propio e 15.000 m2 de exposición, ademais de 300 congresistas, a maioría arquitectos, xunto a influencers das superficies de construción, marmoristas, apareladores, deseñadores, dealers, grandes compradores...



Dentro do marco do evento STONE.GAL, desenvolveranse tres tipos de actuacións chave:

- A feira comercial, que contará cun espazo específico para as empresas da pedra natural galega.
- O Congreso de arquitectura e deseño, dirixido a fomentar o produto pedra natural entre os prescriptores e a impulsar unha imaxe de marca da pedra natural de Galicia.
- A *Gala Antonio Palacios*, que será unha actuación destinada a prestixiar o sector da pedra natural de Galicia e a xerar relacións con prescriptores e clientes estratéxicos para as empresas da pedra natural de Galicia.

QUINTO. Tendo en conta todo o anteriormente exposto, é claro que promover a participación das empresas do sector da pedra natural no evento STONE.GAL, así como atraer a ela a posibles clientes estratéxicos do exterior é de extraordinario interese para a comunidade autónoma, tanto pola proxección internacional de Stone.gal como a súa capacidade de xerar negocio, en particular para o sector da pedra natural de Galicia, pero tamén para outros sectores relacionados coa súa cadea de valor.

En consecuencia, ámbalas dúas partes acordan subscribir o presente convenio de conformidade coas seguintes,

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO

O obxecto deste convenio é organizar conxuntamente co Clúster del Granito, actividades no seo da feira Stone.gal 2025 co fin de promocionar o produto da pedra natural e o granito, impulsar o seu prestixio e mellorar a imaxe de marca ao sector do granito de Galicia nos mercados nacional e estranxeiros. Todas estas accións redundarán nun beneficio directo ás pemes galegas.

As actividades concretas, para desenvolver o contido que terá o evento STONE.GAL, que se desenvolverán ao abeiro do presente convenio durante o ano 2024 co fin de desenvolver actividades preparatorias da feira son as seguintes:

- 1. STONE.GAL SUMMIT. CONGRESO INTERNACIONAL:** congreso de dous días de duración (máis un de extensión potencial con visitas a canteiras ou obras relevantes) con a Pedra Natural como foco.
- 2. STONE.GAL – EXPOSICIÓN INTERNACIONAL. ESPAZO GALICIA STONE.**

O evento contará con dous espazos para o desenvolvemento das interaccións, entre empresarios e traballadores do sector, con expertos técnicos e prescriptores potenciais.

- **STAGE COLABORATIVO:** para a exposición de charlas orientadas á presentación de innovacións, actualizacións, melloras e novidades en torno ao sector, na que interactuarán os congresistas do Summit, os expositores e os visitantes. Tamén servirá como espazo de comunicación entre as asociacións ibéricas da pedra natural e os seus socios, co fin de mellorar á súa interacción e fortalecer a unión do sector de cara a competir con máis forza fronte a competencia.
- **AULA TÉCNICA:** onde os expositores e outras empresas desenvolverán talleres e charlas sobre os comportamentos da pedra en condicións especiais, solucións a problemáticas de limpeza, melloras de seguridade para evitar enfermidades



profesionais e silicoses... Estará aberta tamén a outros participantes empresariais ou institucionais que precisen do espazo.

- 3. STONE.GAL SHOWCASE - MISIÓNS INTERNACIONAIS DIRECTAS:** Programa de promoción en mercados xeográficos internacionais para captación e desenvolvemento de contidos internacionais/especiais: expositores, visitantes, actividades e accións.

4. FAM TRIP: "STONE.GAL EL AVANCE". MISIÓN INVERSA. OS EMBAIXADORES

Evento Misión inversa en Galicia – Porriño – Vigo, de 10 invitados internacionais, durante dous días, co fin de amosarlles o Recinto feiral, coñecer as canteiras, interactuar con empresarios e potenciar o evento con contidos de calidade á súa volta.

As partes poderán, de xeito consensuado, organizar outras actividades a maiores ao abeiro deste convenio, sen que isto comporte maior asignación económica.

SEGUNDA. XUSTIFICACIÓN DA UTILIZACIÓN DA FIGURA DO CONVENIO

Motívase a utilización da figura do convenio, dada a especificidade do Clúster del Granito, que é unha asociación sen ánimo de lucro que integra neste momento a 52 empresas e entidades relacionadas co sector, na maioría dos eslabóns da cadea de valor.

O ámbito de negocio da pedra natural de Galicia estímase en 420 empresas, que facturan aproximadamente 606 M€, mentres que as empresas do Clúster del Granito representan unha facturación agregada estimada de 253 M€, que representan un 42 %.

Por outra parte, as actividades do convenio coinciden plenamente coas finalidades que ten o Clúster del Granito. A capacidade de integrar a cadea de valor e a representatividade sectorial do sector do granito só é posible a través do Clúster del Granito, o que asegura: unha axeitada colaboración, a permeabilidade das accións formativas e o aproveitamento pleno da presenza de representantes de empresas internacionais na feira Stone.gal. Neste contexto, xustifícase a imposibilidade de promover a concorrência pública, que coincide con vantaxes e sinerxías así como a axeitada dinámica e axilidade para o lgape ao manter unha relación colaborativa fluída, eficiente e sinérxica cun actor sectorial con capacidades de representación e de actuación axeitadas ao obxecto do presente convenio.

Por outra banda, mediante este convenio o lgape non encomenda unha xestión de servizos ao Clúster del Granito, senón que expón un marco de colaboración no que une as dúas experiencias e eidos de competencias de cadaquén para conseguir un fin común como é o de promover o produto pedra granito e o impulso do prestixio do sector mineiro-industrial do granito de Galicia, constituíndose esta canle como axeitada, rigorosa e segura a través da colaboración leal e profesional entre os asinantes.

E esta idea de colaboración na consecución do fin común é a que fundamenta a subscrición deste instrumento.

TERCEIRA. FINANCIAMENTO

O orzamento estimado para a execución das actuacións previstas no convenio é de sesenta mil euros (60.000,000 €) que se distribúen do seguinte xeito:

ACTUACIÓNS PREVISTAS	ORZAMENTO TOTAL IVE 21% ENGADIDO
Stone Summit-Congreso Internacional	4.235,00 €
STONE.GAL – EXPOSICIÓN INTERNACIONAL	5.929,00 €
Promoción, difusión, comunicación e marketing STONE.GAL	10.285,00 €
Stone.Gal ShowCase – Misións Internacionais Directas	3.509,00 €
Fam-Trip StoneGal “El Avance” Misión inversa Embaixadores	36.042,00 €
	60.000,00 €

Deste orzamento, o Igape fará unha achega de cincuenta e cinco mil euros (55.000,00 €) con cargo á aplicación orzamentaria 09.A1.741A.640.0, código de proxecto 2021 00014, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma Galega para o ano 2024.

O Clúster del Granito levará a cabo unha achega de cinco mil euros (5.000,00 €) que se corresponden a gastos operativos que se aplicarán nos apartados de:

- Funcionamento interno de persoal dedicado a Stone.gal.
- Gastos xerais operativos.
- Gastos directamente vencellados ás actividades obxecto do convenio.

Non se entenderá incumplida a obriga de xustificación das actuacións obxecto deste convenio no caso de variacións das contías previstas nas distintas partidas establecidas no orzamento estimado nesta cláusula, cando obedezan a razóns xustificadas e as actuacións que se leven a cabo garden relación directa co obxecto do presente convenio e se compensen uns conceptos con outros.

CUARTA. OBRIGAS DAS PARTES

O Clúster del Granito queda obrigado á realización do obxecto do presente convenio e a realizar todas as actividades precisas para que as actuacións do convenio se executen correctamente, comprometéndose a:

- Desenvolver as accións previstas na cláusula primeira deste convenio.
- Xustificar a totalidade das aportacións ao convenio a través de gastos atendibles segundo a cláusula terceira do convenio.
- Organizar as actividades do convenio na súa en estreita colaboración co Igape.
- Someterse á inspección e control do Igape co obxecto de supervisar o cumprimento das actividades previstas no convenio e que permitan a esta a súa xustificación financeira.
- Cumprir as normas sobre confidencialidade de datos previstas na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.
- Captación de asistentes para as actividades programadas.



- Asumir o compromiso de difundir o financiamento do Igape en todo tipo de publicidade, información e material relativo á execución das actividades deste convenio, con suxeición ás normas da súa imaxe corporativa.
- Achegar a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de e control do destino do investimento.
- Someter á aprobación do Igape calquera cuestión relevante antes de levar a cabo as actividades. Este proceso de proposta e visto bo levarase a cabo a través da Comisión de Seguimento do convenio.

O Igape comprométese a:

- Colaborar no financiamento do custo das actuacións previstas a través da concesión dunha achega por importe máximo de cincuenta e cinco mil euros (55.000,00 €).
- Apoiar e colaborar na organización das accións previstas neste convenio.
- Difundir todas as actividades a través das canles que considere adecuadas e oportunas, e que se acorden entre as partes asinantes.

QUINTA. GASTOS ATENDIBLES

1. Consideraranse gastos atendibles aqueles que, sen admitir dúbida, respondan á natureza da actividades e fins do convenio e que se realicen a partir da data de sinatura e ata o 15 de decembro de 2024.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos elixibles poderá ser superior ao valor de mercado.

En ningún caso se considerarán gastos atendibles os impostos indirectos, cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, nin os impostos persoais sobre a renda. O imposto sobre o valor engadido (IVE) poderase considerar gasto elixible cando a entidade beneficiaria acredite mediante unha declaración responsable que se encontra acollida ao réxime de exención, parcial ou total, do IVE, de xeito que este imposto supón un gasto real nas actuacións ao abeiro deste convenio, citando os artigos da lexislación aplicable que dan soporte a esa situación fiscal.

Serán elixibles os gastos relacionados coas actuacións recollidas na cláusula terceira sendo os gastos detallados os seguintes:

- Custos de persoal do Clúster del Granito, en base a nóminas pagadas e certificado de dedicación ao proxecto.
- Desprazamentos, aloxamentos e manutención de participantes nas actividades e persoal do Clúster del Granito, cando proceda.
- Alugueiros de espazos e medios.
- Asesorías e deseños profesionais relacionados co obxecto do convenio.
- Gastos de publicidade, difusión e gabinete prensa.
- Remuneración de poñentes.
- Gastos directamente derivados da acción de promoción no mercado internacional.
- Consultaría ou asistencia técnica especializada en mercados internacionais obxectivo da misión.
- Gastos de promoción e difusión na acción en mercado internacional.
- Servizos de interpretación na misión.



- Outros gastos externos que respondan indubidablemente á realización das actividades e fins do convenio, e que deberán autorizarse pola Comisión de Seguimento.

O listado non ten carácter exhaustivo.

No caso de adquisición de bens de equipamento, ou a contratación de servizos ou subministracións e materiais, cando o importe do gasto iguale ou supere os 15.000 euros máis IVE no global do proxecto para un mesmo provedor, deberán achegarse un mínimo de tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a prestación do servizo ou a entrega do ben, agás que polas súas especiais características dos gastos non exista no mercado suficiente número de entidades que os presten ou subministren. Estas excepcións deberán xustificarse. A elección entre as ofertas presentadas realizarase de conformidade con criterios de eficacia e economía e achegarase unha memoria xustificativa cando a elección non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

Os gastos nos que incorra o Clúster del Granito serán compatibles con outras cantidades públicas ou privadas que puidese recibir, que deberán ser declaradas na liquidación do convenio (anexo I), e minorarán o importe total a achegar polos asinantes na mesma porcentaxe que achegan ao convenio.

SEXTA. XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

1. O prazo de presentación da solicitude de cobramento no Igape comezará o día seguinte á finalización das accións indicadas na cláusula primeira e rematará o 15 de decembro de 2024.
2. A xustificación presentarase vía electrónica na oficina virtual do Igape na páxina <https://www.igape.gal/gl/oficinavirtual>, en particular, a través do código de procedemento PE001, achegando as copias dixitalizadas da documentación que se relacionan a continuación. O Clúster del Granito responsabilizarase da veracidade dos documentos que presenten.
3. A solicitude de cobramento virá acompañada da seguinte documentación:
 - a) Informe/memoria xustificativa asinado e selado polo seu representante legal do cumprimento das condicións impostas neste convenio, con indicación das accións levadas a cabo, dossier fotográfico e resultados obtidos.
 - b) Certificación dos gastos, segundo o modelo do Anexo I, facendo distinción entre: gastos de persoal, gastos de subministracións e servizos e outros.
 - c) Certificacións expedidas polas respectivas administracións públicas, que acrediten que se está ao corrente das obrigas tributarias e da Seguridade Social, así como a acreditación de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración Pública da Comunidade Autónoma ou autorización para que a Xerencia do Igape realice estas consultas polos seus propios medios, segundo o anexo I.
 - d) Declaración responsable asinada polo representante legal con poder suficiente, doutras axudas de carácter público ou privado para os mesmos gastos obxecto deste convenio ou, se é o caso, ausencia das mesmas, segundo o anexo I.
 - e) Declaración responsable da titularidade da conta bancaria onde se debe realizar o pagamento, segundo o anexo I.
 - f) No caso de estar exento do imposto sobre o valor engadido (IVE), documentación acreditativa da mencionada exención.



- g) Ademais, e para xustificar a aportación do Clúster del Granito ao presente convenio, relación, mediante documentos oficiais correspondentes tales como facturas, nóminas, etc., dos gastos propios incorridos para o desenvolvemento das distintas obrigas que asume o Clúster del Granito.

Todos os gastos computables deberán ser xustificados mediante transferencia bancaria, certificación bancaria orixinal ou extracto de pagamento. Non se admitirán os pagamentos en efectivo.

Será obrigatorio presentar tres orzamentos para todos aqueles gastos externos superiores a 15.000 € + IVE e xustificar a selección do proveedor en caso de non ser o máis económico.

En todo caso, o Igape, resérvase o dereito de solicitar toda a documentación que considere precisa en relación coa realización das actuacións obxecto deste convenio, e calquera outra que estime oportuna para a correcta xustificación do gasto e o seu pagamento.

Procederá a minoración das contribucións cando as actuacións desenvolvidas e xustificadas o abeiro deste convenio non acaden os importes dos gastos xustificables e sempre que esta minoración non supoña unha realización deficiente do proxecto.

O Clúster del Granito manterá a disposición do Igape ou de calquera organismo público con capacidade de fiscalización da Comunidade Autónoma de Galicia, tales como Intervención Xeral, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, todos os xustificantes dos gastos e ingresos obtidos a fin dunha verificación *in situ*, ben por medios propios ou mediante auditor externo.

SÉTIMA. VIXENCIA E CAUSAS DE RESOLUCIÓN

O presente convenio entrará en vigor o día da sinatura do mesmo e terá duración ata o 30 de decembro de 2024, podendo prorrogarse por un ano adicional, ata o 30 de decembro de 2025, previo acordo das partes.

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Son causas de resolución:

- a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen terse acordado a súa prórroga.
- b) O acordo unánime de todos os asinantes.
- c) O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes. Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requirimento para que cumpra nun prazo de 10 días hábiles coas obrigas ou compromisos que se consideren incumplidos. Este requirimento será comunicado á Comisión de Seguimento do convenio e ás demais partes asinantes. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio.
- d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- e) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

Se cando concorra calquera das causas de resolución do convenio existen actuacións en curso de execución, as partes, a proposta da Comisión de Seguimento do convenio, poderán acordar



a continuación e finalización das actuacións en curso que consideren oportunas, establecendo un prazo improrrogable para a súa finalización, transcorrido o cal deberá realizarse a súa liquidación.

OITAVA. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio, crearase unha Comisión de Seguimento de composición paritaria, que coordinará o seu desenvolvemento. Reunirase a petición dunha das partes, e actuará como órgano de vixilancia, seguimento e control do establecido neste convenio.

A citada comisión estará presidida por un dos representantes do Igape.

En todo o non especificamente previsto sobre o funcionamento desta comisión, serán de aplicación as normas sobre órganos colexiados previstas na sección III, capítulo I, título I (artigos 15 e seguintes) da Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

A propia comisión, unha vez constituída, decidirá o réxime das súas reunións.

NOVENA. MODIFICACIÓNS DO CONVENIO

O presente convenio poderá ser obxecto de modificación cando teña como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. A devandita modificación terá por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución.

Toda alteración que se realice referente ao contido deste convenio será proposta pola Comisión de Seguimento e deberá formalizarse na correspondente addenda.

DÉCIMA. PUBLICIDADE

De conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e co previsto no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, o Igape e a Consellería de Economía e Industria publicarán no Diario Oficial de Galicia e na súa páxina web oficial o importe da contribución económica ao amparo deste convenio e a entidade destinataria desta; e incluírá igualmente a referida contribución e as sancións que como consecuencia desta puidesen impoñerse nos correspondentes rexistros públicos, polo que a sinatura do convenio leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos da entidade e a referida publicidade, así como a súa cesión por parte do Igape aos órganos competentes da Consellería de Economía e Industria.

O Clúster del Granito deberá subministrar toda a información necesaria para que o Igape poida dar cumprimento ás obrigas previstas no Título I da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. As consecuencias do incumprimento desta obriga serán as establecidas no artigo 4.4 da citada lei.

UNDÉCIMA. PROTECCIÓN DE DATOS DE CARATER PERSOAL



En virtude do disposto no artigo 26 do Regulamento (UE) 2016/679, xeral de protección de datos (RXPd) e na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (BOE nº 294, do 6 de decembro), se calquera das partes accede a datos de carácter persoal contidos en ficheiros titularidade do Clúster del Granito, adquieren a condición de encargados do tratamento e comprométense a:

- Non utilizar nin tratar datos de carácter persoal cunha finalidade distinta á execución do convenio, non comunicar os datos baixo ningún concepto a terceiras persoas, nin sequera para a súa conservación e, en especial, non reproducir, nin publicar, nin difundir ningunha información acerca dos datos.
- Garantir o cumprimento das medidas de seguridade establecidas, así como a súa correcta implementación.
- Ao termo da relación, por calquera causa, os datos de carácter persoal aos que tiveran acceso as restantes partes, deben ser destruídos ou devolverse ao Clúster del Granito, incluíndo calquera soporte ou documento.

O incumprimento destas obrigas fai responder ás restantes partes das infraccións que cometa coma se ocupase a posición de responsable do tratamento.

O Igape responde fronte ao Clúster del Granito do cumprimento destas obrigas polas persoas que na súa representación participen de calquera modo na execución do convenio.

DUODÉCIMA. RESPONSABILIDADE

A subscrición deste convenio non implicará relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais ou entidades que vaian desenvolver as actuacións obxecto deste convenio e o Igape, de tal xeito que non se poderá esixir a este Instituto responsabilidade ningunha, nin directa nin subsidiariamente, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do devandito convenio.

DÉCIMO TERCEIRA. AUTORIZACIÓNS

As asociacións asinantes consenten expresamente a inclusión dos datos persoais e relevantes deste convenio nos rexistros públicos que proceda, de acordo co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, así como poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición respecto do contido dos rexistros antes citados, ante a Dirección Xeral do Instituto Galego de Promoción Económica, sito no Complexo Administrativo de San Lázaro s/n, 15707 Santiago de Compostela, en aplicación do disposto no Decreto 126/2006.

Este consentimento esténdese á autorización para a cesión dos seus datos á entidade financeira na que se aboe o pagamento, ao Diario Oficial de Galicia e ás demais cesións previstas na lei.

DÉCIMO CUARTA. NATUREZA E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS

O presente convenio ten natureza administrativa, quedando fóra do ámbito de aplicación, da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público de conformidade co seu artigo 6 e para calquera cuestión litixiosa que se derive do mesmo, será de aplicación a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.



Ambas partes comprométense a resolver de común acordo, ante a Comisión de Seguimento, calquera controversia que puidera suscitarse sobre a interpretación ou execución deste convenio.

En caso de conflito, ambas partes acordan someterse á Xurisdición Contencioso-Administrativa.

DÉCIMO QUINTA. NORMATIVA APLICABLE

Para todo o non previsto neste convenio aplicarase o previsto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, así como na Resolución do 8 de abril de 1991 (DOG nº 82, do 30 de abril) pola que se fai público o acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, en todo o que non contradiga a primeira.

E en proba de conformidade, as partes asinan o presente convenio, por duplicado exemplar na data e lugar indicados no enbezamento.

Polo Instituto Galego de Promoción
Económica

Polo Clúster del Granito

D^a Covadonga Toca Carús

D. José Ángel Lorenzo Ramírez



ANEXO I

DECLARACIÓNS E AUTORIZACIÓNS

----- con DNI -----en nome e representación do Clúster del Granito con número de identificación fiscal -----

DECLARO, baixo a miña responsabilidade, que a entidade a que represento non mantén ningunha débeda nin obriga pendente coa administración tributaria estatal española e galega, coa Seguridade Social española nin coa Xunta de Galicia.

AUTORIZO expresamente ao Igape: para que solicite da Axencia Estatal da Administración Tributaria, da Consellería de Facenda e Administración Pública e da Seguridade Social a información relativa ao cumprimento por parte da entidade que represento das obrigas tributarias estatais e autonómicas, as obrigas coa Seguridade Social e de ausencia doutras débedas coa Comunidade Autónoma.

A entidade comprométese a comunicar ao Igape calquera cambio ou novidade na información que pola presente se declara, a partir da data abaixo sinalada e ata a finalización da liquidación da presente anualidade do convenio de referencia.

DECLARO, baixo a miña responsabilidade: que para os mesmos gastos acollidos ao convenio entre o Igape e o Clúster del Granito para o exercicio 2024, a entidade que represento:

☐
☐

Non ten recibido ningunha outra axuda nin pública ni privada.

Ten recibido as seguintes axudas polos importes que se detallan:

Organismo convocante	Data de solicitude	Importe solicitado (€)	Data de aprobación	Importe recibido (€)

DECLARO que as accións contempladas e realizadas na anualidade _____ incluídas neste convenio entre o Igape e o Clúster del Granito foron as seguintes:

Descrición da acción	Data e lugar celebración	Importe total do custo da acción	Relación das facturas incorridas na celebración da acción, incluíndo importes.



Relación, mediante documentos oficiais correspondentes tales como facturas, nóminas, etc., dos gastos propios incorridos para o desenvolvemento das distintas obrigas que asume o Clúster del Granito, entre os que caben salientar, a modo de exemplo, os seguintes:

Concepto Gasto	Importe do gasto incorrido

Todos os gastos computables deberan ser xustificados mediante transferencia bancaria, certificación bancaria orixinal ou extracto de pagamento. Non se admitirán os pagamentos en efectivo.

DECLARO, baixo a miña responsabilidade, para os efectos de poder ser beneficiario das contribucións obxecto deste convenio, que os datos consignados nesta declaración relativos á conta bancaria aberta ao nome da entidade a que represento son certos. A falsidade do declarado determinará a imposibilidade de percibir, de ser o caso, os dereitos recoñecidos no procedemento administrativo desde o momento en que se teña constancia da falsidade, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas que procedan.

Entidade	Sucursal	D.C.	IBAN

....., a.....de.....de.....

Asdo.